

A GLOBALIZACIÓN E O MODELO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DE GALICIA. ¿CONCENTRACIÓN OU DESCONCENTRACIÓN?¹

Carlos Ferrás Sexto

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo da comunicación é o de crear debate sobre os modelos de desenvolvemento territorial aplicados ó caso galego no contexto da conformación dun mundo globalizado, para o cal se enfronta e se opón o Eixo Atlántico como modelo concentrado e o ideario da Cidade-Xardín como modelo desconcentrado. Pretendo incitar á reflexión sobre os cambios sociais e territoriais experimentados en Galicia nas derradeiras décadas, e acerca do seu significado para a Galicia da futura sociedade globalizada. Hai que ter moi presente que a globalización económica ten unhas serias repercusións territoriais pois permite a deslocalización das actividades industriais que deixan de concentrarse nas grandes cidades e buscan lugares alternativos en rexións rurais e pequenas cidades, e tamén xenera fluxos de poboación e de recursos cara o campo e asentamentos rurais a través dos avances en materia de telecomunicacións e tecnoloxías da información que permiten ás familias "habita-lo espacio", é dicir, residir e traballar en lugares fisicamente separados e trasladarse facilmente dun ó outro empregando densas redes de estradas e os cada vez máis cómodos e rápidos vehículos de transporte. Incluso na sociedade globalizada a información pode fluir rapidamente no espacio sen atrancos físicos, polo que as rexións illadas e periféricas e os espacios rurais perderán a condición de ser espazos marxinais. Por exemplo, na sociedade global unha persoa que viva nunha aldea illada do Courel adicada á explotación de gando vacún de carne ou a dirixir unha casa de turismo rural poderá estar rápida e ben informada respecto a posibles axudas económicas de Bruselas ou intercambiar información con calquera punto do planeta empregando as tecnoloxías da información.

No desenvolvemento da comunicación presento sucintamente en primeiro lugar a historia da Cidade-Xardín como un modelo de desenvolvemento territorial desconcentrado, tanto como concepto teórico-especulativo tanto como realidade física. Expoño o ideario da Cidade-Xardín de Howard que atinaba nun sistema de asentamentos rural-urbano, onde o maior non pasaba dos 50.000 habitantes; e subliño o feito de que tanto el coma os demais reformistas do século XIX vían nun hábitat de pequenos asentamentos a posibilidade de humaniza-la vida urbana industrial e de armonizar campo e cidade. Tamén tento de expoñer-la visión de Galicia como unha cidade-xardín proxectada no futuro que tiñan personalidades

¹ O presente traballo contou co apoio do proxecto de investigación Contraurbanización e políticas de desenvolvemento rural-rexional, subvencionado pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación e Desenvolvemento do Ministerio de Educación e Cultura (PB96-0953).

do galeguismo histórico como Castelao, Otero Pedrayo ou Cunqueiro, que xa na primeira metade de século percibían os que serían os desequilibrios territoriais da Galicia actual e a oposición Eixo Atlántico e deserto demográfico do interior.

En segundo lugar trato de evidencia-los xa discutibles tópicos académicos que permitían afirmar que Galicia era, para algúns aínda o é un país eminentemente rural, amosando un renovado mundo rural nalgúns municipios galegos que pasaron da emigración a inmigración entre o 1970 e o 1990, e para o cal establezo comparacións con casos afíns irlandeses. É a miña intención evidencia-la posibilidade de promover un desenvolvemento desconcentrado que xenere o progreso e cambio social no medio rural galego, especialmente o das provincias do interior.

Remato a comunicación tentando de inducir un debate sobre unha Galicia posible, unha Galicia como unha grande e basta cidade deconcentrada ou Cidade-Xardín onde a urbanización do campo fose sinónimo de ruralización da cidade, todo isto fronte a unha Galicia territorialmente desequilibrada, na que a cidade concentrada ou Eixo Atlántico estaría enfrentado a unha reserva ecolóxica e deserto demográfico do seu interior.

1.- A HISTORIA DA CIDADE-XARDÍN

Dende a primeira Revolución Industrial no século XVIII ata os nosos días o éxodo das xentes do campo cara as cidades foi unha constante en continuo incremento. A industria vinculábase directamente coa cidade, atrás quedaba a protoindustrialización e as artesanais industrias rurais textís, e se desenvolvía aceleradamente a urbanización que concentraba centros fabrís e poboación en espazos reducidos e desnaturalizados. O urbanismo moderno xurdido a par coa Revolución Industrial reivindicou no século XIX a necesidade de planifica-lo crecemento desorganizado e desmesurado das cidades, as cales pola súa forte atracción baleiraban demograficamente ás áreas rurais, hacinando ós antigos campesinos e novos urbanitas ata a degradación humana e ambiental. Nese contexto diversos reformadores tentaron de aportar novas ideas para mellora-la calidade de vida. Robert Owen na primeira metade do século XIX pretendíu ordena-los asentamentos humanos en núcleos de 800-1.200 habitantes onde existisen terras de labradío para que as familias puideran compaxina-las labores nas manufacturas urbanas coas propias do campo; a Owen pódesele considera-lo precursor da industrialización rural e da tese da contraurbanización cultural. François Fourier matina-ba nos “falansterios” como unidades de poboamento e hábitat duns 1.600-1.800 habitantes distribuídos regularmente no territorio, onde según él a vida socializada sería unha realidade. Pero foi Ebenezer Howard (1850-1928) quen formulou o concepto de Cidade-Xardín a partir da plena integración do significado cultural do campo e do da cidade.

No ano 1923 Howard creou a súa primeira Cidade-Xardín en Letchworth ó norte de Londres para uns 30.000 habitantes; a súa idea era a de crear unidades circulares de hábitat, con grandes espazos abertos, a campo, conectados a través de camiños de ferro e autoestradas segundo planos que debuxaban no espazo redes regulares de vías de comunicación separadas entre si por grandes cintos verdes, e dicir de espazos abertos con vexetación natural. Nos planos de Cidade-Xardín de Howard había unha cidade central duns 50.000 habitantes unida a outras cidades satélites duns 30.000; as súas ideas respetaban a propiedade

privada e a liberdade individual e concebía ás vivendas coma unifamiliares todas elas con hortas e xardíns nas súas fachadas principais, buscaba humaniza-a vida urbana industrial. Seguindo os principios de Howard tamén é destacable a proposta de cidade lineal de Arturo Soria, quen pensaba no deseño de corredores de hábitat individual, de casas con xardíns e hortas dispostas linealmente ó carón das principais vías de comunicación existentes entre ás cidades.

A procura da ruralización da cidade e da urbanización do campo co ánimo de incrementa-lo benestar e humaniza-lo hábitat foi unha constante durante os derradeiros séculos e chega ata os nosos días. En 1978 Brian Berry afirmaba para o caso dos Estados Unidos que a contraurbanización reempazara á urbanización como forza dominante de cambio no modelo de asentamentos da nación (pax.28). E resultaba interesante observa-lo razonamento que facía con respecto á división do traballo manual e mental, asociando o primeiro ó campo e o segundo á cidade, posicionándose a favor de acabar coas distincions entre ámbolos dous como fórmula para ataca-lo deterioro da calidade de vida urbana. Neste sentido chega a alabar a China e a Mao Zengdon por tentar de rematar coas distincións entre traballo manual e mental e entre a cidade e o campo.

O concepto de Cidade-Xardín non é alleo ó mundo académico e intelectual galego. O galeguismo histórico empregaba o ideario da Cidade-Xardín para defini-lo que sería ou debería se-lo desenvolvemento urbano e económico de Galicia. Otero Pedrayo falaba de Galicia como unha gande cidade dispersa que tería a súa praza emblemática e central na Praza do Obradoiro en Compostela, en harmonía co hábitat tradicional dos galegos que era común ó mundo atlántico europeo, e co cal a Otero tanto lle gustaba emparentar. Castelao, en “Sempre en Galiza” (páx. 124) visionaba un país galego como “...unha soia cibdade, a cibdade-xardín máis fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da natureza ...”, o que se implementaba, entre outras cousas, coa proliferación de cooperativas agrarias, grandes fábricas de pasta de papel e de derivados lácteos, a multiplicación de piscifactorías e criadeiras de mariscos, a existencia dun grande porto, ou a presenza de casas limpas e hixiénicas para labregos e mariñeiros. Cunqueiro imaxinaba unha Galicia como unha cidade total e desexaba que as cidades galegas non medraran desproporcionadamente en relación co conxunto dos asentamentos; matínaba na necesidade dunha rede viaria que facilitase que Vilalba fose un satélite residencial de Lugo ou Pontearreas de Vigo. Coidaba nunha distribución de pequenos centros urbanos e novas pequenas cidades substituidoras de moitas aldeas e parroquias. Amais Cunqueiro quería fuxir dos problemas dunha grande cidade que el chama macrópolis, e afirmaba que o progeso aplicado a Galicia debería lograr que cidade e campo chegasen a ser solidarios (Cunqueiro, 1977. Tomado de Galicia 2002 a través da imaxinación creadora). No mesmo tono argumental de concebir unha Galicia como unha cidade única en equilibrio coa súas formas tradicionais de habitalo territorio se atopan intelectuais tan relevantes como Casares que pensa nunha Galicia onde a vila e a cidade son moi pequenas e onde a xente acude a mercar ou vai ás oficinas para posteriormente vivir fóra en vivendas unifamiliares cos seus respectivos xardíns onde coida animais e cultiva a terra. Ramón Piñeiro, Álvarez Blázquez, Franco Grande ou Suárez-Llanos tamén dan argumentos no mesmo sentido: cidades que no pasen dos 300.000 habitantes, a necesidade de limita-la concentración urbana, ou a necesidade de conservalo contacto e a comunicación dos galegos coa natureza (ver Galicia 2002 a través da imaxinación creadora).

Chegados a este punto debemos preguntarnos si as actuais economías simbióticas, dos traballadores campesinos, das familias de economía diversificada, as que compaxinan doadamente actividades tradicionalmente rurais como a cría de animais domésticos ou o cultivo de produtos de horta, co traballo asalariado ou autónomo en actividades de servizos ou industriais, tan importantes e clásicas na sociedade galega; xunto con hábitats desconcentrados onde non existen metrópolis macrocefálicas que rexen os destinos universais dos pobos, habituais nos territorios de fisterra, do límite do ecúmene, ou onde non proliferan os grandes complexos industriais, etc.; como dicía, debemos interrogarnos de si esas economías e sociedades poden definir máis doadamente ca outras un desenvolvemento social e territorial que se achege ós idearios da Cidade-Xardín, e á búsqueda da harmonía entre o urbano e o rural. ¿É iso así ou sempre será un síntoma de atraso e de ruralización marxinal?. ¿Sería posible un desenvolvemento rural desvinculado das labores do campo? e ¿un desenvolvemento urbano que compatibilizara traballo agrario e non agrario?.

2.- GALICIA COMO PAÍS RURAL ATLÁNTICO EN PLENA TRANSFORMACIÓN.

As rexións periféricas da Europa Atlántica, entre as que se encontra Galicia, Irlanda ou a Bretaña, ben individualmente ou no seu conxunto se caracterizaron historicamente como rurais (Otero Pedrayo, 1926; Flatres, 1957; Evans; 1958; Beiras, 1970; Verriere, 79; García Fernández, 1979; Villares, 1982; Perry et all., 1986; O'Flanagan, 1992; Torres Luna, 1992), onde o hábitat disperso, a humidade dos seus climas oceánicos, o predominio dunha economía agrícola-gandeira, a paisaxe de "bocage" de campos balados e tons verdes a maior parte do ano, a presión demográfica sobre a terra, o illamento xeográfico, a subsistencia ou o policultivo,..., xunto co seu escaso desenvolvemento urbano-industrial conformaron a imaxe que delas transcendía cara o exterior. A periferia do poniente europeo foi terra de marxinação, pobreza e emigración; os irlandeses e escoceses emprederon a diáspora cara os dominios culturais anglosaxóns e galegos, asturianos, portugueses e mesmo vascos dirixíronse cara o dominio cultural ibérico.

As comunidades e áreas rurais das rexións periféricas de Europa experimentaron importantes cambios sociais, económicos e culturais durante as últimas tres décadas do presente século, e na actualidade ditos cambios continúan producíndose; isto, en boa medida, débese á urbanización e desenvolvemento industrial no sentido clásico do paradigma do éxodo rural, ó desenvolvemento dos sistemas agrarios intensivos e á Revolución Verde. Pero dende os anos setenta tamén se debe ó feito de que xurdiron no contexto da Unión Europea novas formas de urbanización e novas políticas de desenvolvemento rural rexional; é dicir, fronte á concentración da poboación e recursos nas grandes cidades e rexións máis desenvolvidas xurdiron con forza tendencias cara a desconcentración.

En rexións tradicionalmente rurais como Galicia e Irlanda, entre os anos setenta e oitenta as súas economías evolucionaron rápidamente. En ámbolos dous casos o sector primario xa non ten o peso de antano, un 24% e un 15% de poboación ocupada respectivamente na actualidade fronte ó 63% e 42% que tiñan a finais dos anos cincuenta. No caso galego co sobredimensionado da pesca O forte crecemento da poboación ocupada no sector dos servizos e no da industria xa non permiten calificalas de sociedades eminentemente agrarias: a industria e os servizos ocupan ó 85% da poboación activa irlandesa e ó 76% da

galega (Ferrás, 1996c). Durante eses anos investigadores sociais de ámbalas dúas rexións evidenciaron como o éxodo migratorio remitíu en gran parte favorecendo o retorno de anti-gos emigrantes (Bertrand 1992; Hernández Borge, 1990; Coward, 1989) e como as actividades do campo foron adquirindo unha orientación mercantil e se tecnificaron (Sineiro, 1992; Fernández Prieto, 1992; Cawley, 1980; Brunt, 1989; Lois, 1996).

A modernización agraria galega coincidiu co despoboamento rural e o éxodo cara a cidade. Vigo, A Coruña ou Ferrol experimentaron un desenvolvemento urbano-industrial que xeraba movementos migratorios campo-cidade, anque non o suficiente como para evita-la emigración ás rexións industriais de España ou Europa. O desenvolvemento agrario no campo era acompañado polo desenvolvemento industrial na cidade, e o despoboamento rural traducíase nun poboamento urbano. O despoboamento rural foi unha constante en Galicia durante a súa historia contemporánea (Beiras, 1967), as xentes do campo emigraban ás áreas urbanas en busca de mellores condicións de vida, ó igual que sucedía noutras partes do mundo, pero co agravante de que o éxodo rural galego adquiría unhas dimensións inusuais, xa que ós movementos campo-cidade se lle engadían as emigracións con dirección a Europa e América. Sen embargo, a sociedade galega presenta un rasgo común e característico, a poboación rural é maior que a urbana, e este feito relaciónase coa súa gran dispersión. En Galicia en 1991 aínda o 53% da súa poboación residía en entidades de menos de 1.000 habitantes. En base a este rasgo estrutural podíase pensar que o proceso de urbanización-concentración domina actualmente os movementos migratorios interiores, pero hai evidencias que sinalan un cambio cara procesos de redistribución e desconcentración.

A sociedade galega dos anos sesenta era unha sociedade cunha poboación que residía predominantemente en asentamentos de menos de 1.000 habitantes (77%), do cal se pode deducir, como fixeron diversos autores, que era unha sociedade profundamente rural. A interpretación dos datos estatísticos fundamentábase nuns presupostos que indentificaban un maior grao de urbanización canto maior fose a porcentaxe de poboación residindo nas grandes aglomeracións urbanas; interpretación válida, pero que actualmente é discutible debido ó fenómeno da urbanización do campo presente en Galicia.

O proceso de urbanización e de concentración demográfica nas principais cidades de Galicia foi estudiado en profundidade por diferentes investigadores, entre outros Martínez e Gómez (1975) ou Villarino et al., (1983). Todos eles coincidiron en sinala-la concentración demográfica nas cidades das comarcas litorais e nalgúns centros do interior, a pesar de que o proceso de urbanización non fora o suficientemente importante como para contrapesa-la forte corrente emigratoria. O desenvolvemento urbano-industrial foi importante durante os anos sesenta nas comarcas occidentais das Rías Baixas e Golfo Ártabro (Sánchez, 1967; Bertrand, 1985). Amáis as políticas dos Polos de Desenvolvemento Económico dos anos sesenta favorecían a concentración de actividades económicas e de persoas en determinadas áreas urbanas occidentais sentando as bases do actual Eixo Atlántico.

Nos anos setenta e oitenta se evidencia un cambio substancial. Os asentamentos rurais de menos de 1.000 habitantes continúan a perder poboación, -7% nos anos sesenta, pero a novidade viu dada polo elevado incremento demográfico dos asentamentos intermedios de 5.000 a 20.000 habitantes que logran multiplicar por tres a súa poboación, pasando dos 56.300 habitantes en 1970 ós 143.000 de 1981, e crecendo a un ritmo maior que as grandes aglomeracións urbanas. Este feito se explica polo forte crecemento dos asentamentos intermedios, por unha

parte localizados na periferia das principais cidades, sobre todo de Vigo onde o crecemento industrial tivo un forte componente suburbano (Souto, 1990), e por outra parte con asentamentos afastados das grandes cidades, como pequenos pobos e cidades e vilas cabeceira dunha máis ou menos extensa comarca rural; é o caso de Melide, Arzúa, Sta. Comba, O Barco, Lalín, Carballo, Padrón, Carballiño, etc.. Nestes anos o maior crecemento demográfico non corresponde ós maiores asentamentos como ocurría no pasado cando predominaban os procesos de urbanización-concentración. A suburbanización e a contraurbanización e asociadas a estas proliferación de novas vivendas no campo e formas de asentamento disperso, tanto de edificacións dispostas linealmente á beira de vial, de situación illada, urbanizacións privadas e o crecemento de pequenos pobos e aldeas, comencan a advertir da presenza de novas formas de urbanización en Galicia (Ferrás, 1996b).

Neste contexto de transformación socioeconómica, en Galicia e, tamén no caso dunha rexión xeográfica afín coma Irlanda, entre 1970 e 1990, determinadas cidades medias, pequenos pobos e numerosas aldeas e lugares ou towards, máis ou menos alonxados das áreas máis desenvolvidas, foron capaces de medrar demograficamente a maior ritmo que as cidades maiores. En Irlanda entre 1971 e 1991 os asentamentos de entre 1.500 e 10.000 habitantes foron capaces de crecer demograficamente por término medio máis dun 30%, mentres as cidades maiores de 40.000 habitantes (Dublín, Cork, Limerick e Galway), non chegaron ó 10% de crecemento medio. En Galicia durante o mesmo período, 1970-1990, a tendencia foi a mesma: os asentamentos de entre 5.000 e 20.000 habitantes medraron demograficamente case un 90% mentres as maiores cidades (A Coruña, Vigo, Santiago, Ourense Ferrol, Lugo e Pontevedra) se quedaban nun 25% de incremento medio.

No caso galego as políticas urbanísticas e territoriais non desempeñaron un papel determinante nas tendencias de redistribución demográfica e no xurdimento de novas formas de urbanización (Ferrás, 1995a). En Galicia durante os anos setenta e oitenta, non se formularon políticas de desenvolvemento rexional que favoreceran a desconcentración demográfica e de recursos entre o urbano e o rural. A planificación a nivel municipal aínda se mostra inoperante, non permite exercer un control sobre os movementos de poboación, a vivenda e os asentamentos. Os 315 municipios galegos non están obrigados a coordinar e consensuar-los seus plans ou obxectivos de desenvolvemento urbanístico ou económico entre eles xerándose situacións moi diversas e dispares. Existen casos de absoluta desidia, especialmente en municipios rurais con pouca poboación e escasos recursos económicos onde non se exerce control sobre a edificación, nin sobre a poboación, emprego, nin sobre nada. En Galicia non existen as estruturas territoriais adecuadas que permitan a correcta planificación do seu desenvolvemento, como serían as comarcas con entidade xurídico-administrativa ou as rexións de planificación.

3.- CAMBIO RURAL A ESCALA LOCAL.

O desenvolvemento e cambio rural é perceptible en municipios de tradición agraria; destacan as implicacións demográficas, sociais, económicas e na forma de asentamento. Galicia e Irlanda coñeceron un desenvolvemento territorialmente máis equilibrado entre 1970 e 1990, polo cal determinadas comarcas e condados² tradicionalmente rurais e atrasados, do

² As comarcas no caso de Galicia e os condados no caso de Irlanda son unidades territoriais con identidade cultural propia. No primeiro caso non posúen personalidade xurídico-administrativa e solen estar conformadas por varios

occidente irlandés e oriente galaico, atraeron inversións, frenaron a emigración e multiplicaron os empregos non agrarios na industria e na construción (Ferrás, 1996c). En certa medida se están a beneficiar das políticas rexionais da Unión Europea (U.E.), principalmente do F.S.E. (Fondo Social Europeo), do F.E.D.E.R. (Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional) e da P.A.C (Política Agraria Común), que teñen por obxectivos básicos a confluencia en canto a benestar social entre as rexións máis e menos desenvolvidas e a equiparación das rendas do campo ás da cidade. As inversións orientáronse, sobre todo, cara a dotación de infraestruturas de comunicacións, á formación especializada de recursos humanos e á diversificación productiva das áreas rurais. O desenvolvemento rexional equilibrado tivo moita importancia no caso irlandés, onde as políticas de planificación territorial da Industrial Development Authority (I.D.A.) e das Oficinas de Planificación dos Condados impulsaron a industrialización rural e a multiplicación ordenada da vivenda no campo. Breathnach (1985) demostrou estatisticamente como entre 1960 e 1980 case o 75% do emprego nacional localizábase en 11 condados do occidente irlandés escamente urbanizados. No caso galego, o desenvolvemento rexional tivo un carácter máis espontáneo, non planificado, ó non existir políticas territoriais de desenvolvemento ben definidas e coordinadas. En Galicia nen siquera existe na actualidade unha unidade administrativa territorial oficial equiparable ó condado irlandés, a través das cales fose posible aplicar políticas ben definidas de desenvolvemento rexional equilibrado. O municipio e a provincia móstranse inoperantes e os técnicos e autoridades rexionais parecen concebi-la comarca, o máis semellante ó condado, coma unha entidade territorial sen identidade político-administrativa.

Casos concretos de cambio rural tiveron lugar en diversas entidades de poboación galegas e irlandesas, entre outras en Tordoia, Melide, Clonakilty ou Rahan, que teñen por denominador común o coñecer un excepcional fluxo inmigratorio na década dos setenta ou oitenta e un pasado marcado pola orientación agraria das súas economías. Son entidades rurais con poboacións comprendidas entre os 3.000 e 8.000 habitantes. Localízanse por término medio a uns 45-55 kilómetros da cidade máis próxima. Posúen unha baixa densidade demográfica e un hábitat de pequenas aldeas dispersas que excepcionalmente superan os 100 habitantes. En Tordoia e Rahan non existe ningún núcleo de poboación que se puidera considerar urbano, e Melide e Clonakilty contan cunhas vilas ou "towns" de orixe medieval, con poboacións comprendidas entre os 2.500 e 4.000 habitantes, que tradicionalmente exerceron de centros de servizos dun máis ou menos extenso hinterland rural. En tódolos casos as súas paisaxes son suaves, de relevo lixeiramente ondeado, moi favorable para os pastos que alimentan unhas numerosas cabanas de gando bovino ou ovino. Posúen unha paisaxe europea atlántica de "bocage" con grandes extensións de pastos que serven de alimento ó gando e de bosques que son aproveitados para o aprovisionamento de materia prima á industria da madeira. Son comunidades rurais onde tradicionalmente viviron familias que traballaban a terra. As súas comunicacións realízanse por estradas secundarias e, no caso de Tordoia e Rahan, a través de camiños de ferro; no primeiro caso fan uso da liña que une as cidades de A Coruña e Santiago de Compostela e no segundo a que une as cidades de Cork e Mallow. Nelas

municipios. Frecuentemente se consideran as unidades espaciais idóneas para a ordenación do territorio en base ó argumento de que posúen un hinterland dependente dunha cidade central xeograficamente moi ben definido, unha nítida rede xerárquica de asentamentos e unha histórica identificación cultural dos seus habitantes para co seu territorio.

entre 1970 e 1990 o novo poboamento, a emigración de retorno, o incremento do benestar social e da capacidade de mobilidade espacial, a diversificación económica, ou a urbanización difusa, xeraron o cambio rural que nos permite concebi-la urbanización do campo e a posibilidade dun achegamento ó significado da Cidade-Xardín.

A.- Un novo poboamento. En Tordoia, Melide, Clonakilty e Rahan o despoboamento convertíuse en poboamento. Nos anos sesenta perdían entre un 5% e un 15% de habitantes segundo o caso e nos oitenta incrementábanos entre un 2% e un 8% (Ferrás, 1996b). A pesar de que as súas poboacións estivesen máis ou menos envellecidas debido á emigración, a inmigración foi quen de compensa-los saldos negativos do movemento natural. Durante os anos setenta e oitenta os saldos emigratorios estiveron compensados cos inmigratorios; as saídas ó extanxeiro paralizáronse e tivo lugar o regreso de antigos emigrantes. Neses anos moitas das súas parroquias ou “parish”³, a maioría non superan os 500 habitantes, experimentaron un crecemento demográfico sen precedentes inmediatos. No caso galego o poboamento rural se deixou sentir especialmente en determinadas vilas, como no caso da vila de Melide que coñeceu unha forte alzada no seu ritmo de crecemento; a súa poboación pasou de medrar lixeiramente de 1960 a 1970 a medrar máis dun 30% de 1981 a 1991.

B.- A Emigración de retorno. Os novos residentes nestas entidades rurais son maioritariamente emigrantes retornados, sobre todo de Suíza, Francia, Alemaña, Reino Unido, Estados Unidos, Arxentina ou Venezuela, ou de cidades industriais como Madrid, Barcelona, Bilbao, Londres, Liverpool ou Dublín. Os perfiles das persoas que protagonizan os movementos migratorios son complexos; parece que os emigrantes de hoxe en día son mozos con estudos que se dirixen, a diferenza do pasado, ás cidades pequenas preto do seu lugar de orixe; a cidades con funcións básicas de ámbito rexional. En Tordoia, os emigrantes actuais son máis novos que os inmigrantes, teñen maior cualificación e emprenden a viaxe de forma individual, mentres que os novos residentes chegan en familia; a media de idade dos que emigran é de 28 anos e a dos que regresan é de 34 anos (Ferrás, 1996b).

Tanto nos casos irlandeses como nos galegos, a inmigración de persoas novas cara as áreas rurais advirte de novidosas perspectivas de vida e dunha transformación social e cultural nas comunidades receptoras. Os novos veciños intégranse en comunidades rurais nunha nova etapa da súa vida, precedida por un período de traballo nas grandes áreas urbanas industriais. Frecuentemente os cabezas de familia son nativos do lugar, mentres que os fillos se encontran cun mundo totalmente alleo. Chegan a parroquia ou “parish” con hábitos, costumes e valores distintos, que baten cos tradicionais, pero que contribúen á modernización da comunidade. Tamén son frecuentes as familias retornadas nas que un membro da parella é doutra nacionalidade, co que a interacción cultural é maior.

Unha consecuencia da emigración de retorno sobre as comunidades rurais é que promove as actividades desvinculadas das labores do campo, ben na industria, a construción ou nos servizos. Xorden iniciativas empresariais, sobre todo no comercio e a hostelería; como bares, restaurantes ou pubs, pequenas factorías de tecidos en réxime de cooperativa que traballan para grandes compañías localizadas nas cidades, e incluso talleres artesanais de

³ As parroquias, en inglés “parish”, son tanto en Galicia como en Irlanda entidades territoriais con entidade cultural-relixiosa propia pero non xurídico-administrativa. No caso de Galicia varias parroquias conforman un municipio e a nivel censal son consideradas entidades de poboación.

cerámicas, bordados ou produtos alimenticios autóctonos. Nos casos de Melide e Clonakilty creáronse sendos parques industriais a iniciativa de empresarios e autoridades locais e con apoio económico da Unión Europea, nos que se oferta solo e infraestrutura a posibles inversores e se evita o impacto ambiental negativo da dispersión destas actividades no territorio. Tamén son frecuentes os emigrantes retornados que se reencontran coas actividades agrarias, caso de Tordoia, substituindo ó frente da explotación ós familiares directos que se xubilan, coa diferenza de que agora as economías familiares agrarias convírtense en mixtas combinando os ingresos de pensións ou subsidios cos procedentes do traballo dependente na construción, industria ou servizos e cos beneficios da propia explotación agraria. O denominado obreiro-campesino, o traballador simbiótico e a pluriactividade das familias rurais cada vez está máis presente no campo galego e irlandés. Desde o punto de vista económico estase a producir unha diversificación das actividades productivas locais e consecuentemente unha maior heterexeneidade na composición social. Debemos preguntarnos sobre si as economías familiares simbióticas rurais son a alternativa ó desemprego e á fuxida cara a cidade. Quizais o sería se permitisen un nivel de vida e benestar semellante ó que se pode atopar nunha cidade; acceso ós servizos, disfrute do ocio, cultura, etc..

C.- O turismo rural. O desenvolvemento do turismo rural amósase como unha fonte de ingresos alternativa ou complementaria. En Melide inténtase aproveitar como recurso turístico o feito de que pasa polo término o camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, onde se venera a tumba do Apóstolo Santiago, e a onde acuden anualmente decenas de miles de peregrinos de toda Europa. Tanto en Galicia como en Irlanda se intentan aproveitar os recursos paisaxísticos, ecolóxicos e culturais-históricos das áreas rurais creando redes de aloxamentos en casas tradicionais; no caso galego en todo tipo de granxas, casas familiares, e pazos, e no caso irlandés baixo réxime de cama e almorzo; son os populares “bed and breakfast” que se ofertan a moi variados prezos e satisfacen tódalas demandas. As familias que levan a cabo esta actividade poden obter cartos públicos para rehabilitar as súas casas e mercar a infraestrutura necesaria. Sen embargo son habituais as queixas sobre a estacionalidade da demanda e o difícil que resulta amortizar o investimento; a pesar disto, as familias locais veno como unha actividade positiva. Outras actividades complementarias que se están desenvolvendo son, entre outras, a fabricación artesanal de produtos tradicionais da comarca, como poden ser queixos ou mel, controlados por un consello oficial de garantía que favorece a súa comercialización, o que ven a diversificar as actividades productivas locais chegando a funcionar incluso como un factor de atracción de visitantes.

D.- O benestar social e a mobilidade xeográfica. Os cambios socioeconómicos e demográficos en Rahan, Clonakilty, Melide e Tordoia manifestáronse, tamén, no incremento dos niveis de benestar social e mobilidade xeográfica dos membros das comunidades locais. Os actuais residentes nestas áreas rurais disfrutaban dunha mellor calidade de vida que no seu pasado recente e son capaces de desprazarse fóra das súas áreas de residencia para ocupar un posto de traballo ou incrementar o seu nivel de estudos, sen ter necesidade de emprender o típico camiño da emigración e a conseguinte fixación do seu domicilio nas aglomeracións urbanas. Sen dúbida, o incremento da mobilidade xeográfica contribúe á diversificación socioeconómica e a que se incrementen as posibilidades de ocupar postos de traballo asalariado fóra do lugar de residencia.

Respecto ós niveis de dotación de servicios das vivendas, as tendencias xerais foron de descenso do número de aquelas que non contan cos servicios básicos, sen baño ou ducha, sen retrete ou sen auga corrente; descenso a ratio de persoas por habitación e de persoas por vivenda ata se situar arredor de 0,7 e entre 3 e 4 respectivamente. Sen embargo, é necesario destacar que hai indicadores reveladores dunhas condicións de vida inferiores ás do mundo urbano. Tanto en Rahan como en Clonakilty en 1986 máis da metade das vivendas non posuían calefacción, e entre o 22% e o 32% delas non tiñan baño ou ducha nin auga quente; datos moi parecidos ós de Melide e Tordoia para 1991. As vivendas que non contan con estes servicios básicos son as das familias autóctonas que non emigraron, mentes que os novos residentes ocupan vivendas de recente construción amplas e cómodas; é práctica habitual que o emigrante retornado constrúa unha nova casa no seu lugar de orixe.

Nestas entidades rurais irlandesas e galegas o benestar social continúa sendo inferior ó das cidades. Aínda son numerosas as familias que non contan cos servicios esenciais pero houbo melloras substanciais, como a asociada á xeralización do hábito de separar as vivendas das dependencias da explotación agraria, algo que era propio da vivenda rural tradicional galega, ou ó aumento do espazo dispoñible en relación co descenso do número de membros das familias. Sen embargo, a realidade pon en evidencia a necesidade de afrontar a deprecación rural a través de políticas de vivenda que permitan ás administracións rexionais e locais implementar e aplicar programas de rehabilitación da vivenda rural, que favorezan a converxencia entre a cidade e o campo en canto a condicións de vida.

Os indicadores que tentan de medir a presenza de grupos sociais de marxinación potencial, datos dispoñibles só nos casos irlandeses; é dicir persoas maiores de 65 anos que viven soas ou persoas sen aloxamento, mostran tendencias dispares. En Rahan e Clonakilty os datos demostran que estes colectivos sociais son moi reducidos en número, pero mentres no caso das persoas sen aloxamento a tendencia é a reducirse, no caso dos maiores de 65 anos que viven sós a tendencia é ó incremento; este feito, a pesar de que resulte difícil de interpretar, quizáis garde relación co éxodo migratorio do pasado que deixou as súas pegadas no desequilibrio actual existente nas áreas rurais entre o número de mulleres e de homes, e co fluxo inmigratorio dos últimos anos que está formado por mozos e adultos con idades comprendidas entre os 25 e 44 anos (Ferrás, 1996b).

Polo que respecta á capacidade de mobilidade espacial das persoas residentes destaca o forte incremento experimentado. Nos casos irlandeses a maioría das persoas ocupadas e estudantes maiores de 15 anos, de ensino medio e universidade, deben desprazarse cada xornada fóra do seu domicilio recorrendo varios kilómetros. Arredor dun 13% de tódalas persoas que se desprazan percorren máis de 13 kilómetros, tanto en Rahan como en Clonakilty. Os residentes que traballan nos seus domicilios, recollidos estatisticamente nos "Census of Population" pola reseña dos que se desprazan menos de 1 milla, que equivale a 1,61 kilómetros, practicamente veñen a representar 1/3 do total e son fundamentalmente as persoas ocupadas nas actividades agrarias, no pequeno comercio e determinados servicios esenciais⁴. As vinculacións funcionais cos pobos cercanos, Mallow Town e Clonakilty Town, quedan patentes ó observar como no caso de Rahan o 43% das persoas que se des-

⁴ Na actualidade é frecuente a práctica do "traballo na casa" no sector servicios, aproveitando os adiantos tecnolóxicos en comunicacións como o telefax, o teléfono, ou o correo electrónico, o cal facilita a descentralización das actividades propias de oficina, que tradicionalmente se concentraban nas cidades.

prazan percorren entre 4,8 e 16 kilómetros e no caso de Clonakilty, asentamento de localización adxacente ó núcleo urbano de Clonakilty Town, o 51% recorra entre 1,6 e 8 kilómetros. As maiores distancias, superiores a 24 kilómetros, básicamente son as que recorren os estudantes universitarios e determinados traballadores para se dirixir á cidade capital do condado, Cork City, ou á súa franxa suburbana onde se localizan os seus lugares de traballo ou ocupación. Por último, o medio de transporte utilizado é maioritariamente o coche particular, arredor do 75% tanto en Rahan como en Clonakilty, que é o que permite a maior liberdade de movementos e comodidade, seguido a gran distancia polos que utilizan a bicicleta, cando son pequenas distancias, ou o autobús.

Nos casos galegos tamén resulta especialmente significativa a elevada capacidade de mobilidade espacial adquirida polas familias. A maioría posúen alomenos un vehículo tipo turismo que lles permite desprazamentos con maior frecuencia e liberdade que os que ofrecen os escasos servizos de transporte público nas áreas rurais, onde as posibilidades das empresas para conseguir beneficios económicos son reducidas. En Tordoia e Melide, o número de automóviles por familia era en 1981 de 0,7 e 0,5 para incrementarse en 1991 a 1,3 e 0,8 respectivamente. A proliferación e xeralización do vehículo privado adquire nas comunidades rurais un valor engadido que non ten nas cidades. A mobilidade das persoas favorece a diversificación socioeconómica das comunidades rurais ó propiciar desprazamentos de "commuting" fóra da aldea para ocupar un posto de traballo asalariado na industria ou nos servizos nas cidades e áreas suburbanas máis próximas.

E.- A urbanización difusa. Os cambios demográficos e socioeconómicos tamén inciden na tradicional forma de asentamento rural e no desenvolvemento da edificación no campo. O tradicional despoboamento rural xeraba o abandono da vivenda e a nova construción non existía. Co cambio rural colle pulo a edificación no campo e nos pequenos asentamentos (ver figura 4). As novas xentes rurais atopan acomodo en vivendas baleiras, procedendo a melloralas ou rehabilitalas, uo promoven a nova edificación. Son capaces de muda-la tipoloxía e patróns da edificación, coa proliferación dos edificios de apartamentos nos núcleos de poboación máis importantes; chegan a conformar aldeas de pisos e apartamentos. Pero a vivenda unifamiliar de ocupación principal ou secundaria, estas últimas propiedade de persoas residentes nas cidades e que son destinadas a un uso de fin de semana ou durante o período vacacional, se multiplican e espallan no territorio sen solución de continuidade. Son habituais as vivendas unifamiliares propiedade de emigrantes retornados que morfoloxicamente delatan as influencias culturais dos países onde estiveron emigrados. A nova edificación tanto se concentrou nos principais núcleos, na vila de Melide e na town de Clonakilty, como se dispersou no campo en consonancia coa forma de hábitat tradicional da Europa Atlántica. Con estes patróns urbanísticos aparecen frecuentes intereses especulativos no mundo rural debido ó insuficiente planeamento, co que se producen graves riscos de degradación medioambiental e paisaxística que necesitan ser controlados.

En Melide e Tordoia son demasiado frecuentes as vivendas de autoconstrución dispersas e localizadas en lugares de difícil acceso que escapan ó control urbanístico do municipio, ben pola incapacidade técnica das administracións locais que non contan coa infraestrutura e orzamentos necesarios para exercer-lo control requerido ou ben por simple especulación que busca o máximo beneficio económico. En Irlanda a centralización do planea-

mento a nivel do condado, non existen municipios, que sería como xa comentei anteriormente o máis parecido a unha comarca, permite un maior control da edificación no campo.

En suma, a urbanización difusa contribúe ó cambio dos patróns de edificación e de desenvolvemento urbanístico no medio rural. O fluxo de novos residentes en idade de traballar cara as áreas rurais xera cambios demográficos, socioeconómicos e un desenvolvemento urbanístico local que eran imprevisibles cos clásicos procesos de urbanización e concentración. A emigración de retorno, o incremento da mobilidade espacial das persoas e do número destas en idade de traballar, a mellora da vivenda e do benestar, a diversificación socioeconómica, as economías familiares mixtas e o obreiro-campesino, a proliferación da segunda residencia, a industrialización rural, a multiplicación da edificación,.... son fenómenos presentes no medio rural galego ó igual que noutras rexións da periferia atlántica europea como no caso de Irlanda. As grandes cidades e áreas máis desenvolvidas poderían deixar de se-los centros receptores exclusivos dos movementos migratorios e determinados espazos e entidades de poboación rurais emerxer como alternativa. Neste contexto, non resulta difícil imaxinar un modelo de desenvolvemento fundamentado no concepto de Cidade-Xardín. ¿Por qué non se podería impulsar a urbanización desconcentrada no campo, evitando as grandes aglomeracións urbanas e buscando un hábitat harmónico do home na natureza?; isto permitiría un reequilibrio territorial e a superación das tradicionais diferenzas en canto a benestar e posibilidades de vida entre o campo e a cidade.

Si ben a urbanización do campo comporta posibilidades de vida ás comunidades rurais, pero tamén impactos ambientais, sociais, económicos e culturais que deben ser previstos. Débese ter presente que a desconcentración demográfica implica maiores gastos en dotación de infraestructuras, despilfarro enerxético cos desprazamentos masivos á cidade, procesos dexenerativos de urbanización marxinal ou conflitos de intereses entre autóctonos e novos residentes no campo con estilos de vida e aspiracións diferentes. Os planificadores do territorio deben evitar que unha incipiente rexeneración rural puidera ser algo coxuntural relacionado con períodos transitorios que non facilitan a emigración rural. Os casos irlandeses e galegos nos advirten da posibilidade dun desenvolvemento desconcentrado a través da urbanización no campo, e en relación directa cos novos patróns urbanísticos e migratorios, incluso dunha posible concreción planeada dos idearios da Cidade-Xardín en espazos rurais.

4.- GALICIA COMO CIDADE-XARDÍN.

Hoxe o territorio galego estase a articular a partir do denominado Eixo Atlántico, que seguindo a disposición da autoestrada Ferrol-Tui une ás principais cidades galegas, funcionando como un auténtico eixo de desenvolvemento industrial e urbano. Prodúcese movementos demográficos do interior cara o Eixo Atlántico co que se baleiran as comarcas rurais da Galicia interior, principalmente das provincias de Lugo e Ourense (Ferrás, 1996c). Hai quen ten reflexionado públicamente de como sería a Galicia do futuro, maxinándoa como unha rexión postindustrial propia dun mundo globalizado, ben comunicada co exterior, coa maior parte da súa poboación ocupada nos servizos e vivindo nunha grande área metropolitana que formando un continuum extenderíase polo Eixo Atlántico, o resto do territorio galego sería practicamente unha reserva ecolóxica onde poderían ir a disfrutar do tempo de ocio as familias urbanas e onde os campesinos serían uns xardiñeiros da natureza

e un atractivo exótico-turístico. Esta imaxe revela que se percibe o futuro territorial de Galicia cos mesmos parámetros concentradores cos que se estableceron e formaron as cidades industriais dende o século XIX, aínda que agora pénsase en eixos urbano-industriais e non en agrupamentos focais a xeito de cidades compactas, co cal os desequilibrios rexionais en vez de corrixirse agrandaríanse. ¿Non sería máis acertado evita-la macrocefalia urbana potenciando o hábitat tradicional autóctono de pequenas células de poboación a través da concreción e ordenación dun sistema de asentamentos polifuncional e complementario, cunha rede de comunicacións densa que facilitase ó máximo os intercambios a tódolos niveis?. A potenciación dun sistema de asentamentos denso propio dun hábitat desconcentrado estaría en harmonía cos adiantos tecnolóxicos da sociedade globalizada, pois a fluidez das comunicacións permitirían os galegos vivir onde sempre viviron e desprazarse fácil e libremente cara as vilas e cidades a satisfacelas súas necesidades ou a ocupar un posto de traballo. Non hai que esquecer que a globalización xurde a partir da III Revolución Tecnolóxica en relación cos avances en materia de comunicacións e telecomunicacións.

O feito de que en Galicia non exista unha grande cidade ou área metropolitana, Vigo é a maior e non chega ós 300.000 habitantes, conte con máis de 29.000 entidades de poboación das calés a inmensa maioría teñen menos de 1.000 habitantes que articulan unhas 3.800 parroquias, predominen as economías simbióticas familiares que harmonizan o traballo do campo, o do mar co industrial e de servizos, de que sexa unha sociedade de pequenos propietarios de terras, 2 de cada 3 galegos son donos dunha parcela, na que proliferan de forma tradicional as vivendas unifamiliares no campo. ¿Son todas estas características elementos que poderían levar a pensar en Galicia como un territorio idóneo para a plasmación dun modelo de desenvolvemento territorial que impulsase a urbanización difusa, desconcentrada, do campo, e a ruralización da cidade?. ¿Son istos aspectos negativos ou poderían ser positivos para definir un desenvolvemento máis equilibrado?. Debemos reflexionar que o minifundio perdeu o seu contido cultural tradicional, pois xa non representa unha agricultura de subsistencia senón un complemento ós ingresos familiares procedentes do traballo non agrario e das pensións da sociedade do benestar. O minifundio permite que a maioría dos galegos sexan propietarios dunha “leira” onde case sempre proxectan a construción dunha vivenda unifamiliar coa súa horta e, cada vez máis co seu xardín. Tamén debemos ter moi presente que Galicia conta con preto de 1.000.000 de vehículos particulares tipo turismo, o que representa case un coche por cada 2,8 habitantes, e, tamén, que os galegos témla posibilidade de “habita-la distancia” é dicir de desprazarnos no territorio desvinculando o lugar de residencia do de traballo máis doadamente que as xentes doutros ámbitos culturais de hábitat concentrado. ¿Cantos hoxe en día viven, ou querían vivir, no campo e se desprazan ou desprazarían fóra da súa aldea, urbanización, vila ou parroquia para ir a traballar ou estudar?.

O ideario da Cidade-Xardín valora o patrimonio o medio ambiente e a cultura como bens a protexer. Cabe especular que o futuro de Galicia xa non pasa tan só polo desenvolvemento agrario tecnolóxico e industrial-urbano senón que, necesariamente, no seu territorio se deberían aplicar novos modelos de desenvolvemento rural-urbano que impulsasen a diversificación socioecómica no campo, respetasen o medio ambiente e fixasen a poboación incrementando o seu nivel de benestar social. É necesario tomar conciencia de que as cidades industriais xa non ofrecen posibilidades de vida coma no pasado, polo cal o clásico modelo de desenvolvemento industrial que provocaba a tecnificación das labores do campo

e xeraba fluxos migratorios cara as grandes cidades e áreas metropolitanas é pouco viable ó xenerar unha presión demográfica que frecuentemente se traduce nun incremento da marxina social urbana. A xente nova do rural xa non poderá percibi-la cidade como un mundo de oportuniades e estaran condicionados a emprende-lo seu periplo vital en vilas, parroquias e pequenos asentamentos rurais. Isto podería chegar a representar unha revitalización do medio rural galego, especialmente das comarcas do interior, actualmente avellentadas e en proceso de despoboamento. Compre definir políticas que abran posibilidades de desenvolvemento económico local no medio rural que dinamizasen as comarcas interiores e restasen capacidade de atracción ó Eixo Atlántico. Incluso se debería reflexionar sobre a posibilidade de aplicar políticas rexionais coercitivas que penalizasen a concentración de poboación e actividades económicas nos espacios do Eixo Atlántico con maior presión orientando e encauzando os fluxos demográficos e económicos cara o medio rural. Por exemplo, ¿non sería moi positivo para as provincias de Lugo e Ourense a dotación dunha Universidade propia con dous campus?; sería a universidade do interior de Galicia, e ¿establecer Cinturóns Verdes arredor das cidades e vilas que evitasen a especulación e suburbanización no seu medio rural adxacente?, ou incluso ¿por que non se podería pensar nun eixo de desenvolvemento interior que conectase e interrelacionase a Mariña lucense coa raia portuguesa-ourensá?, ¿poderíase definir a través dunha nova autoestrada?. As vilas e pobos cabeceira de comarca deberían ser concebidos como elementos estratéxicos para o desenvolvemento territorial de Galicia e para contrarresta-las tendencias concentradoras do Eixo Atlántico.

No medio rural galego débense definir políticas de desenvolvemento rural integral e endógeno axustadas as súas características que lle permita seguir confluíndo cara os niveis de desenvolvemento das rexións máis avanzadas de Europa. Políticas que deberían promover máis decididamente a diversificación das actividades productivas rurais; como a artesanía, a elaboración tradicional de produtos locais de calidade, a agricultura ecolóxica, a silvicultura e a explotación sustentable dos bosques, as explotacións agrarias extensivas e modernas ou o turismo rural. As explotacións agrarias familiares deberían chegar a ser productivas, respetuosas co medio ambiente e permitir un maior benestar a través da diversificación das súas actividades. ¿E isto por qué se debe opoñer ó desenvolvemento de industriais vitais como a do leite e a da alimentación?. No campo galego poderían e deberían coexistir pacificamente os agricultores e gandeiros industriais, con explotación de dimensións adecuadas, coas familias de obreiros-campesinos de economía deversificada e cos novos ruralitas que puidesen residir no campo sen ostentar ningunha dependencia económica coas actividades económicas tradicionais do lugar.

O desenvolvemento rural endógeno deberíase complementar e implementar con políticas de ordenación territorial que favorezesen a cultura da contraurbanización; aquelas cidades e áreas urbanas que soportan unha maior presión demográfica deberían ser desconxestionadas promovendo investimentos en infraestruturas de comunicacións, vivenda e unha xeral descentralización planificada de recursos e servicios cara as áreas rurais do interior en detrimento do Eixo Atlántico. En Galicia a definición dunha estrutura territorial adecuada para a aplicación de políticas de desenvolvemento rexional é un requisito previo; deberíase pensar nunha comarca semellante ó condado irlandés, é dicir, con identidade político-administrativa e cultural que lle permitira distinguirse do municipio e da provincia.

En definitiva, sería moi positivo abrir un debate na sociedade galega no que se discutise a Galicia do Futuro no contexto da globalización. ¿Queremos ser un país rural, un país territorialmente desequilibrado coa oposición Eixo Atlántico-Espacio Rural Interior?, ou ¿Deberíamos tentar de afrontar un proxecto ordenado de Cidade-Xardín global que permitise a urbanización do campo e a corrección dos desequilibrios territoriais?.

BIBLIOGRAFÍA

- Altieri, M.A. (1987): *Agroecology. Scientific basis for an ecological agriculture*, Boulder: Westview.
- Barrere, P. (1988): "Urbanización del campo en los países industrializados", en II Congreso Mundial Vasco: *Espacios rurales y urbanos en áreas industrializadas*, pp. 59-78, Oikos-Tau, Barcelona.
- Beale, C.L. (1984): "The Changing Nature of Rural Employment", en D.L. Brown and J.M. Wardwell (eds): *New Directions in Urban and Rural Migrations: the Population Turnaround in Rural America*, pp. 37-49, Academia Press, New York.
- Beiras Torrado, X.M. (1970): *Estructura y problemas de la población gallega, Gráficas del Noroeste*, A Coruña.
- Bell, D. (1974): *The coming of Post-Industrial Society*, Heineman, London.
- Berry, B. (1976): *Urbanization and Counterurbanization*, Arnold, New York.
- Berry, B. (1978): "The Counterurbanization Process: How General?", en Hanssen, N.H. (ed.): *Human Settlement Systems. International Perspectives on Structure, change and Public Policy*, Ballinger Publishing, Cambridge-Massachusetts, pp. 25-50.
- Bertrand, J.R. (1985): "Evolución reciente de la población de Galicia", *Estudios Geográficos* nº 178-179, pp. 159-176.
- Bertrand, J.R. (1992): *A poboación de Galicia. Estudios xeográficos*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Santiago, Santiago de Compostela.
- Breathnach, P. (1985): Rural industrialization in the West Ireland, en *The Industrialization of the Countryside*, Geo Books, Norwich, pp. 173-195.
- Brunt, B.M. (1989): The new industrialization in Ireland, en *Ireland: A Contemporary Geographical Perspective*, Routledge, Londres, pp. 201-236.
- Bryant, C.R.; Russwurm, L.H. e Mclellan, A.G. (1982): *The City's Countryside. Land and management in the rural-urban fringe*, Longman, New York.
- Burns, L.S. (1987): "Urban Growth and Decline as a force in regional development: issues and research agenda", en L. Van den Berg et al.: *Spatial Cycles*, pp. 253-266, Gower Publishing, Aldershot (England).
- Cadenas Marín, A. (Editor) (1995): *Agricultura y desarrollo sostenible*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid.
- Castelao, A. (1980): *Sempre en Galiza*, Akal Editor, Madrid.
- Castells, M. (1989): *The Informational City: Information, Technology, Economic Restructuring and the Urban-Regional Process*, Blackwell, Oxford.
- Cawley, M.E. (1980): Rural industrialization and social change in Ireland, *Sociologica Ruralis* Vol.19, pp. 48-59.
- Cloke, P. (1985): "Counterurbanization: a Rural Perspective", *Geography*, Vol.70.1, pp. 13-29.
- Clout, H.D. (1976): *Geografía Rural*, Oikos-Tau, Barcelona.

- Colino Suéiras, J. (1984): *La integración de la agricultura gallega en el capitalismo. El horizonte de la C.E.E.*, Instituto de Estudios Agrarios, Pesqueros y Alimentarios, Madrid.
- Coward, J. Irish population problems, en *Ireland: A Contemporary Geographical Perspective*, Routledge, Londres, pp. 55-83.
- Champion, A.G. (1989): *Counterurbanization. The Changing pace and Nature of Population Desconcentration*, Edward Arnold, London.
- Etxezarreta, M. (comp.) (1988): *Desarrollo rural integrado*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid.
- Etxezarreta, M. (1994): "Trabajo y agricultura: los cambios del sistema de trabajo en una agricultura en transformación, *Agricultura y Sociedad* n° 72, pp. 121-166.
- Etxezarreta, M., Cruz, J., García Morilla, M., Viladomíu, L. (1995): *La agricultura familiar ante las nuevas políticas agrarias comunitarias*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid.
- Evans, E.E. (1958): *The Atlantic Ends of Europe*, Advancety Offsiders, Londres.
- Fernández Prieto, L. (1992): A caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ó capitalismo, *Trabe de Ouro*, T.2.(10), pp. 207-218.
- Ferrás Sexto, C. (1995a): Contraurbanización y planificación territorial: los casos de Irlanda y Galicia, *Ciudad y Territorio-Estudios Territoriales*, Vol.3.106, pp. 861-875.
- Ferrás Sexto, C. (1995b): Counterurbanization and Common European Agricultural Policy. Implications for Galician country, *Iberian Studies* (en prensa).
- Ferrás Sexto, C. (1996a): Urbanización postindustrial y desarrollo regional. Significado en la Europa Atlántica e implicaciones para México, *Carta Económica Regional*, n° 50, pp. 29-50.
- Ferrás Sexto, C. (1996b): *Cambio Rural na Europa Atlántica: os casos de Irlanda e Galicia (1970-1990)*, Xunta de Galicia y Universidad de Santiago, Santiago de Compostela.
- Ferrás Sexto, C. (1996c): Movements migratorios, cambio socioeconómico e desenvolvemento rexional en Galicia, 1970-1990, *Estudios Migratorios* n° 2, pp.85-122.
- Flatres, P. (1957): *Géographie rurale de quatre contrées celtiques: Irlande, Galles, Cornwall et Man.* Plihon, Rennes.
- Friendland, W.H. (1982): The end of Rural Society and the future of Rural Society, *Rural Sociology* Vol.47.4, pp. 589-608.
- Fuguitt, G.V.; Johansen, H.E.: (1984) *The changing rural village in America. Demographic and economic trends since 1950*, Balliger Publishing Company, Cambridge, Massachusetts.
- García Fernández, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Siglo XXI, Madrid.
- García Ramón, M^a.D.; Tulla Puyol, A. F.; Valdovinos Perdices, N. (1995): La ordenación del territorio: la tarea más pendiente del medio rural a finales de siglo, en *Geografía Rural*, Síntesis, Madrid, pp. 137-176.
- Hernández Borge, J. (1990): *Tres millóns de galegos*, Universidad de Santiago, Santiago de Compostela.
- Instituto de Estudios e Desenrolo de Galicia (1978): *Galicia 2002, a través da imaxinación creadora*, Universidade de Santiago, Vigo.
- Kayser, B. (1990): *Le Renaissance Rurale. Sociologie des campagnes de munde occidental*, Armand Colin, Paris.

- Lois González, R.C. (1996): As transformacións socioeconómicas e espaciais recentes nas antigas comunidades campesinas, en *Humanitas. Estudos en Homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, pp. 763-789..
- Mella, C. (1988): *A Galicia posible*, Xerais, Vigo.
- Mormont, M. (1994): "La agricultura en el espacio rural europeo", *Agricultura y Sociedad* nº 71, pp. 17-49.
- O'Flanagan, P. (1992): La Europa Atlántica: pasado y presente. Una revisión del concepto y de la realidad, en *Actas Congreso Internacional A Periferia Atlántica de Europa: o desenvolvemento e os problemas socioculturais*, Santiago de Compostela.
- O'Flanagan, P. (1996): *Xeografía Histórica de Galicia*, Xerais, Vigo.
- Otero Pedrayo, R. (1985): *Galicia, una cultura de occidente*, Everest, León.
- Otero Pedrayo, (1926): *Guía de Galicia*, Galaxia, Vigo. Edición de 1965.
- Otero Pedrayo, R. (1926): *Guía de Galicia. Geografía, historia, vida económica, literatura y arte*, Espasa Calpe, Madrid.
- Pérez Vilariño, J. (1996): Organización social e identidade colectiva, en VV:AA: *Construir Europa. Galicia*, Fundación Encuentro, Madrid, pp. 201-246.
- Perry, R.; Dean, K.; Brown, B. (1986): *Counterurbanization. Case Studies of Urban to Rural Movement*. Geo Books, Glasgow.
- Precedo Ledo, A. (1996): El Plan Comarcal de Galicia: un modelo de desarrollo territorial integrado, *Papeles de Economía Española*, nº 16, pp. 311-322.
- Rodríguez González, R. (1996): *As vilas do interior. Análise xeográfica dun proceso de urbanización*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago.
- Sineiro García, F. (1992): "Los cambios operados en la agricultura y actividades forestales en el período 1960-1988" en *Estructura económica de Galicia*, , Espasa Calpe, Madrid, pp. 57-125.
- Torres Luna, M^a.P. (1992): La agricultura gallega, una visión geográfica, en *Actas Primeiro Congreso Internacional da Cultura Galega*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 221-233..
- Torres Luna, M^aP; Lois González, R.C. (1995): Claves para la interpretación del mundo urbano gallego, *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, nº 15, pp.731-740.
- Verriere, J. (1979): *La Population L'Ireland*, Mouton, La Hagne.
- Villares Paz, R. (1982): Edad contemporánea, en *Historia de Galicia*, Alhambra, Madrid, pp. 225-299.